

Matinais—

Programa

11 de xullo 2020:
**REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA**

Paul Daniel, director



—Clásicas

Museo Centro Gaiás
cidadedacultura.gal

Matinais clásicas—

Real Filharmonía de Galicia
Paul Daniel, director

Programa

— W. A. Mozart: Abertura de As vodas de Fígaro, KV. 492

— L. v. Beethoven: Sinfonía nº 8 en Fa Maior, op. 93

I. Allegro vivace [e] con brio

II. Allegretto scherzando

III. Tempo di menuetto

IV. Allegro vivace

— J. Trillo: Moinhada

— E. Granados (orq. E. Martínez Izquierdo): Intermezzo de Goyescas

Duración aproximada: 50 minutos

Matinais clásicas—

Real Filharmonía de Galicia

A Real Filharmonía de Galicia inicia o seu camiño en Santiago de Compostela en 1996. Paul Daniel é, desde 2013, o seu director titular e artístico, posto no que o precederon Helmuth Rilling e Antoni Ros Marbà. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes.

Con sede no Auditorio de Galicia e xestionada polo Consorcio de Santiago, mantén unha temporada de abono estable. Ao longo da súa traxectoria acompañárona os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas do mundo. Ten realizado xiras e concertos en escenarios de Alemaña, Austria, Francia, Brasil, Arxentina, Cuba e Portugal, país co que mantén unha estreita colaboración. Firmemente comprometida co territorio ao que presta servizo, mantén unha intensa actividade concertística en toda Galicia. A súa discografía consta de máis de 12 cedés, dedicados a Maurice Ravel, Manuel de Falla, Frederic Mompou, Antón García Abril, Franz Schubert ou José Arriola, entre outros.

A Real Filharmonía de Galicia amosa un especial interese pola obra de autores noveis, en particular de compositores galegos. Traballa no achegamento a novos públicos, a través de propostas didácticas, familiares e programas especiais; promovendo ademais a realización de concertos en espazos abertos.

A orquestra forma un proxecto conxunto coa Escola de Altos Estudos Musicais, coa que colabora para ofrecer unha formación altamente especializada en práctica orquestral a xoves intérpretes.

Paul Daniel, Director

É o director titular e artístico da RFG dende 2013 e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Entre 2009 e 2013 foi o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e da Ópera de North, ademais de principal director da Opera Factory. Foi director invitado das máis destacadas orquestras e compañías de ópera por todo o mundo. Dirixiu no Royal Opera House Covent Garden, en La Monnaie en Bruxelas, na Ópera Estatal de Baviera en Múnic ou no Metropolitan Opera de Nova York.

Recentes e futuros compromisos operísticos inclúen *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* coa English National Opera, *Gloriana* no Covent Garden, *Lulú* en La Monnaie, un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* coa Ópera Nacional de París; *Os troianos* coa Ópera de Berlín; ou *A Village Romeo and Juliet* coa Ópera de Frankfurt. Ademais dos seus concertos coa West Australian Symphony Orchestra e a Real Filharmonía de Galicia, dirixirá a Filharmónica da BBC, Orquestra Nacional de Burdeos, Royal Philharmonic, Sinfónica de Hamburgo, Orquestra da Radio de Múnic, Tapiola Sinfonietta, Australian National Academy of Music, National Youth Orchestra e participará no Festival de Bregenz (Austria).

Entre as súas numerosas gravacións destaca o éxito alcanzado polo CD coa Sinfonía núm. 3 de Elgar e o DVD da gravación de *Lulú* en La Monnaie coa soprano Barbara Hannigan. Coa Orquestra Nacional de Burdeos gravou obras de Wagner, Mahler e Chaikovski. En 1998 recibiu un Premio Olivier pola súa dedicación á ópera e nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.